

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	Macías o Namorado	Padrón	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE03	Automatización e robótica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0971	Empresa e iniciativa emprendedora	2021/2022	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA SILVA TEIJEIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación impartirase ó longo do curso académico 2020-2021 no IES MACÍAS O NAMORADO de Padrón, con alumnado procedente, na súa maioría do Concello de Padrón, doutros concellos limítrofes e da área rural. O alumnado accede con diferentes niveis de estudos:

- Bacharelato
- Outros ciclos
- Grados universitarios

Actualmente é frecuente atoparnos con alumnado que xa cursou outros ciclos, estudos universitarios e que están ou estiveron traballando.

O título de técnico superior en automatización e robótica industrial ven establecido polo establecido polo Real decreto 1581/2011, do 4 de novembro, e desenrolado polo Decreto 102/2013, do 13 de xuño, polo que se establece o currículo do título no que se contén o perfil profesional que serve de referencia para definir a súa formación.

A competencia xeral do título de técnico superior en automatización e robótica industrial consiste en desenvolver e xestionar proxectos de montaxe e mantemento de instalacións automáticas de medida, regulación e control de procesos en sistemas industriais, así como supervisar ou executar a montaxe, o mantemento e a posta en marcha deses sistemas, respectando criterios de calidade, seguridade e respecto polo ambiente e o deseño universal.

Este deseño curricular corresponde o módulo profesional de EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA do ciclo superior de Automatización e Robótica Industrial pertencente a Familia Profesional de Electricidade e electrónica.

A título de exemplo e especialmente con fins de orientación profesional, enuméranse a continuación un conxunto de ocupacións ou postos de traballo que poderían ser desempeñados adquirindo a competencia profesional definida no perfil do título:

- Xefe/a de equipo de supervisión de montaxe de sistemas de automatización industrial.
- Xefe/a de equipo de supervisión de mantemento de sistemas de automatización industrial.
- Verificador/ora de aparellos, cadros e equipamentos eléctricos.
- Xefe/a de equipo en taller electromecánico.
- Técnico/a en organización de mantemento de sistemas de automatización industrial.
- Técnico/a de posta en marcha de sistemas de automatización industrial.
- Proxectista de sistemas de control de sistemas de automatización industrial.
- Proxectista de sistemas de medida e regulación de sistemas de automatización industrial.
- Proxectista de redes de comunicación de sistemas de automatización industrial.
- Programador/ora controlador/ora de robots industriais.
- Técnico/a en deseño de sistemas de control eléctrico.
- Deseñador/ora de circuitos e sistemas integrados en automatización industrial.

Todos os contidos e actividades de ensinanza-aprendizaxe especificados en dito deseño curricular van encamiñados a que os alumnos/as, futuros técnicos obteñan a cualificación profesional que lles permita inserirse laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector industrial dos sistemas de automatización e robótica industrial acadando as capacidades terminais que lle permitan realizar a posta en marcha, a administración, a xestión e a comercialización nunha pequena empresa ou taller.

O técnico superior de automatización e robótica industrial exerce a súa actividade profesional en empresas públicas e privadas relacionadas cos sistemas automáticos industriais, nas áreas de deseño, montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial.



--

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor	Preténdese que o alumno ao final da unidade identifique e recoñeza as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades empresariais. Aprenderá as características que adornan aos emprendedores de hoxe en día e os diferentes cambios que sufriron as empresas de hoxe en día. Verá a importancia que ten a innovación co progreso da sociedade e o aumento do benestar dos individuos.	4	6
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	Preténdese que o alumno comprenda o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a súa actividade profesional por conta propia, constituíndo unha empresa.	8	13
3	A análise do mercado e o plano de marketing.	Preténdese que o alumno identifique e analice o proceso e as formas máis usuais no sector de promoción de vendas de produtos ou servizos. O alumno debe ser capaz de identificar e describir os medios máis habituais de promoción de vendas en función do tipo de produto e/ou servizo ademais de explicar os principios básicos do merchandising.	10	16
4	O plano de operacións.	Preténdese que o alumno identifique o proceso produtivo da empresa e as súas necesidades de aprovisionamento, de recursos humanos e o análise dos custos	8	13
5	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	Preténdese que o alumno identifique as principais formas xurídicas que poden adoptar as empresas, así como os trámites que son precisos para a súa constitución e posta en marcha, ao obxecto de que poida elixir a modalidade xurídica que resulte máis adecuada á actividade que pretenda desenvolver.	6	10
6	O plano de investimentos e financiamento.	Preténdese que o alumno identifique o proceso de investimento-financiamento existente na empresa, analizando en detalle as principais fontes de financiamento propias e alleas e a importancia que presenta a súa elección en función da rendibilidade que espera obterse dos proxectos de investimento.	8	13
7	A análise contábel e viabilidade económica e financeira.	Preténdese que o alumno identifique os distintos elementos que integran o patrimonio dunha empresa, a súa representación contable, e a súa interpretación a través de distintos cocientes financeiros. Así mesmo, haberá de identificar a diversidade de gastos e ingresos nos que incorre a empresa no exercicio da súa actividade e que quedan reflectidos na conta de resultados, completando a análise financeira e económico que realice a través do estudo do limiar de rendibilidade.	10	16
8	Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos	Preténdese que o alumno comprenda os documentos básicos utilizados na actividade económica normal da empresa. E sexa capaz de cumprimentar os seguintes documentos: nota de pedido, albarán, factura, letra de cambio, cheque e recibo a partir de datos supostos	5	7
9	A fiscalidade empresarial	Preténdese que o alumno identifique os principais tributos que afectan á actividade empresarial, analizando a función de financiamento do gasto público que cumpren no marco da Economía en xeral, as súas características, elementos e tipos básicos que poden distinguirse, facendo especial fincapé nos impostos. Neste sentido, apreciará a diferenza existente entre os impostos directos e indirectos e identificará o réxime fiscal aplicable ao empresario individual e ao empresario social, a través da análise dos principais impostos que inciden na súa actividade.	4	6

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor	4

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de electricidade e electrónica.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da automatización e robótica industrial, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.2 Elaborouse a parte correspondente do plan de empresa que inclua a idea de negocio.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de automatización e robótica industrial (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector de electricidade e electrónica.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da automatización e a robótica industrial

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa automatización e robótica industrial e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de automatización e robótica industrial, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.3 Elaborouse a parte corresponde o plano de empresa que inclúa o análise da contorna empresarial e a cultura corporativa

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial: clientela, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A análise do mercado e o plano de marketing.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.1 Coñécense os principais tipos de mercado, as súas características e os criterios para a súa segmentación. Así mesmo coñécense diversas estratexias de marketing operativo en canto a produto, prezo, promoción e distribución.
CA2.12.5 Elaborouse un plano de empresa que inclúa o plano de marketing
CA2.13 Descríronse os principais elementos do plano de marketing.

4.3.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Descrición dos elementos e estratexias do plano de márketing.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O plano de operacións.	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de automatización e robótica industrial, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.4 Elaborouse un plano de empresa que inclúa a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios.

4.4.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Descrición dos elementos e estratexias do plano de produción.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	6

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de electricidade e electrónica.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.2 Inclúese no plano de empresa información relativa á escolla da forma xurídica e os trámites administrativos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O plano de investimentos e financiamento.	8

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de automatización e robótica industrial tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.1 Incluíuse no plano de empresa información relativa as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.1 Elaborouse o plano financeiro.

4.6.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de automatización e robótica industrial.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de electricidade e electrónica.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A análise contábel e viabilidade económica e financeira.	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbóronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.2 Analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.7.e) Contidos

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos	5

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.9 Inclúise no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.3 Inclúese no plano de empresa información relativa aos trámites administrativos.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.8.e) Contidos

Contidos
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de automatización e robótica industrial: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A fiscalidade empresarial	4

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa automatización e robótica industrial, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fisc

4.9.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Valorouse a importancia do auto emprego a cultura emprendedora e a innovación.
- Identificáronse as funcións básicas dunha empresa e os elementos do seu contorno.
- Analizáronse os factores que inflúen no mercado e identificar as técnicas de marketing.
- Diferenciáronse os distintos tipos de formas xurídicas e a responsabilidade dos socios.
- Levouse a cabo un estudo de viabilidade económica e financeira dunha peme do sector.
- Definíronse as obrigacións fiscais e diferenciáronse os tipos de impostos aplicables no calendario fiscal.
- Identificouse a documentación básica de carácter comercial e contábel para unha peme do sector, e describir os circuitos que percorre na empresa.
- Elaborouse un plano de empresa.

Durante o curso haberá tres avaliacións.

A cualificación en cada avaliación virá dada polos seguintes elementos:

-Traballo/s realizados(valor do 30%) Valorarase neste apartado o cumprimento das pautas e prazos dados polo profesor/a. Nos traballos na aula terase en conta ademais do anterior a participación, o interese pola materia e o comportamento xeral do alumno/a co profesor e o resto dos compañeiros/as.

-Exame/s (valor do 70%) Estas probas poden consistir nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou preguntas test con elección da alternativa correcta ou preguntas con respostas breves e ,de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados na clase. Será necesario acadar cando menos un 4 no exame/s parciais para poder facer media entre eles e engadir a nota obtida de traballos. De obter menos dun catro nalgún exame parcial, a avaliación estará suspensa e o alumno/a deberá recuperar a parte non superada. A avaliación estará superada cando o alumnado obteña un mínimo de 5 puntos aplicándose os dous elementos de avaliación mencionados, en cada unha das avaliacións do curso

A cualificación final do módulo virá dada pola media dos trimestres. Para aprobar débese obter unha nota maior ou igual a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aquel alumnado que non atinxa unha cualificación de 5 no proceso de avaliación continua, deberá recuperar as probas obxectivas non superadas e realizar os traballo/s pendentes de ser o caso.

A recuperación das probas obxectivas consistirá na realización dun exame dos contidos pendentes e terá como referencia os contidos mínimos establecidos nesta programación.

Este exame superarase sempre que obteña como mínimo 5 puntos sobre 10.

A cualificación final do módulo será calculada tendo en conta o resto de instrumentos de avaliación utilizados durante o curso.

Con anterioridade á realización da proba extraordinaria realizaranse actividades de reforzo dos contidos de cada bloque que a modo de orientación son expostos a continuación:

Para atinxir o RA1: Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.

Repaso de contidos referentes a:

- ¿ Innovación e desenvolvemento económico.
- ¿ Cultura emprendedora en Galicia e España no cadro da UE.

¿ Factores clave das persoas emprendedoras.

¿ Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e valoración destas.

¿ Plano de empresa: importancia e utilidade, estrutura e aplicación

Para atinxir o RA2: Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.

Repaso de contidos referentes a:

¿ A empresa como concepto, funcións e clasificacións

¿ Análise do contorno dunha PEME do sector produtivo.

¿ Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentábel.

¿ -Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa.

¿ Descrición dos elementos e estratexias do plano de produción e do plano de marketing.

¿ Plano de empresa: organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, plano de marketing.

Para atinxir o RA3: Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.

Repaso de contidos referentes a:

¿ Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e mediana empresa no sector produtivo.

¿ Formas xurídicas da empresa: criterios de escolla da forma xurídica.

¿ Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

¿ Plano de empresa: escolla da forma xurídica, trámites administrativos, a xestión de axudas e subvencións.

Para atinxir o RA4: Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena e mediana empresa, identifica as principais obrigacións contábeis e fiscais e formaliza a documentación.

Repaso de contidos referentes a:

¿ -Concepto e nocións básicas de contabilidade.

¿ -Análise da información contábel.

¿ Estudo de viabilidade económica e financeira.

¿ Obrigacións fiscais dunha PEME.

¿ Ciclo de xestión administrativa nunha empresa: documentos administrativos e documentos de pagamento e cobranza.

¿ Plano de empresa: viabilidade económica e financeira.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Deberán presentarse a esta proba, de carácter global, todo o alumnado que perda o dereito a avaliación continua.

A proba consistirá en dúas partes:

- Teórica (4 puntos) que poderá incluír preguntas tipo test ou preguntas curtas; as preguntas deberán permitir comprobar que se cumpre polo menos un dos criterios de avaliación de cada un dos resultados de aprendizaxe.

- Práctica (6 puntos): resolución de casos prácticos que poderán pertencer ás unidades 2 (cuota de mercado), 4 (cálculo umbral rentabilidade, beneficio, prezo de venda, prezo técnico), 5 (cálculo de custos financeiros no financiamento alleo), 6 (elaboración de plano de tesouraría, balance de situación e conta de resultados; análise do balance de situación: equilibrio, suspensión de pagamentos e quebra técnica; aplicación de ratios na análise da rendibilidade económica e financeira) e 8 (casos prácticos de cálculo de imposto de sociedades, método de estimación directa de IRPF e cálculo de IVA ou ITPAJD).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ao longo do curso farase un seguimento desta programación mensualmente a través da aplicación Seguimento das programacións que se encontra na ligazón <https://www.edu.xunta.es/programacions/>. Tamen reflectiranse no libro de actas do departamento as incidencias máis importantes.

Ao finalizar o curso realizarase unha avaliación desta programación e da práctica docente en base as incidencias rexistradas ao longo do curso referidas a cada un dos apartados da mesma e faranse constar na memoria do curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Como a este ciclo accede maioritariamente alumnado que cursou estudos no propio Centro e nos do entorno e habitualmente hai contactos a través do Departamento de orientación soen coñecerse as particularidades do alumnado.

Unha primeira avaliación inicial do alumnado farase ao inicio do curso mediante un procedemento de recollida de información a través dun cuestionario e/ou entrevista individualizada ao alumnado que tratará de indagar a cerca da titulación de acceso ao ciclo, se o alumno ou alumna tivo algunha dificultades noutros niveis educativos e cales son as motivacións ou intereses individuais. Se se observara algunha circunstancia especial trataríase de investigar no Departamento de Orientación se existiu algunha actuación concreta en outros niveis educativos e pedirase asesoramento e apoio. Ademais na sesión de avaliación inicial tamén se poderá obter información sobre a individualidade.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Logo de coñecer os resultados da cualificación para a sesión final ordinaria do módulo e como proposta para a devandita sesión/xuntanza da comisión de avaliación e equipo docente do ciclo, establecerase un plan individualizado de recuperación nos termos e condicións establecidas na normativa legal en vigor

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación ambiental.

Obxectivos

1. Tomar conciencia da importancia de respectar as normas urbanísticas e medioambientais e os seus respectivos efectos, na procura da localización e desenvolvemento da empresa.
2. Reflexionar sobre o impacto medioambiental causado polo desenvolvemento tecnolóxico e preferir solucións que o atenúen.
3. Desenvolver actitudes críticas ante as intervencións empresariais no ámbito medioambiental.
4. Adoptar actitudes persoais responsábeis na defensa medioambiental, así como na corresponsabilidade empresarial.

Inserción e aplicación

1. Na localización e implantación da empresa.
2. Na formalización da documentación administrativa, fiscal e mercantil.
3. Na xestión comercial.

Enfoque metodolóxico

1. Debates sobre a necesidade de establecer e respectar as normas urbanísticas e medioambientais para a instalación e implantación da empresa.
2. Análise crítico das normas medioambientais na documentación e licencias de apertura de establecementos e de obras.
3. Expresión dos criterios propios sobre protección ambiental nun diálogo cos personaxes dunha posíbel situación laboral.

Proposta de avaliación

1. Observación e valoración das ideas expresadas nos debates sobre a necesidade de establecer e respectar as normas urbanísticas e medioambientais para a instalación e im-plantación da empresa.
2. Valorar como se desenvolve a análise crítico das normas urbanísticas e medioambientais.
3. Captar o sentido das mensaxes mediante a comprensión das ideas expresadas e das relacións que se establecen entre elas.

Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Desenvolver criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Identificar e valorar proxectos de empresas que favorezan principios éticos de solidariedade e xustiza no seu contexto socioeconómico ou en outros ámbitos.
3. Concienciarse da importancia da propia liberdade e corresponsabilidade e comprometerse a través de accións co proxecto empresarial.

Inserción e aplicación

1. Na elaboración do proxecto empresarial.
2. Na elaboración dos documentos mercantís, contables...
3. Na xestión comercial.

Enfoque metodolóxico

1. Mediante a técnica do role-playing simular no aula situacións nas que os alumnos teñan que reflexionar, valorar, argumentar e tomar decisións sobre a aplicación dos criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Resolver dilemas morais que pechen conflitos éticos de solidariedade e xustiza nun contexto laboral, e posicionarse a través de criterios de argumentación claros e precisos.
3. Análise das propias pautas de actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso.
4. Desenvolver exercicios de cooperación nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Proposta de avaliación

1. Propoñer ao grupo/clase cuestións como: Cres que é bo axudar aos parceiros a resolver un problema laboral? Expresa a túa opinión en como che pode beneficiar a ti e aos teus parceiros o manter unha actitude de cooperación e compromiso para levar a cabo un proxecto empresarial; anotar as respostas e abrir un coloquio que permita reflexionar sobre as distintas posturas.
2. Valorar o comportamento do alumno/a na resolución dos dilemas morais propostos, en situacións de aula e no desenvolvemento de exercicios persoais e/ou de grupo.

Educación para a igualdade entre sexos

Obxectivos

1. Desenvolver actitudes críticas e suxerir trocos fronte a aquelas manifestacións sexistas que podan xerarse no entorno laboral.
2. Participar e colaborar cos parceiros, sen manter ningún tipo de discriminación por razón de sexo, ideoloxía, condición social ou calquera outra causa.
3. Adoptar actitudes non sexistas tanto nos comportamentos como nos trocos sociais do ámbito laboral, co fin de favorecer a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
4. Identificar e desenvolver un espírito crítico fronte a aquelas actitudes empresariais que na cultura da empresa denoten formas de discriminación.

Inserción e aplicación

1. Na elaboración do proxecto empresarial.
2. Na elaboración e formalización da documentación administrativa.
3. Na xestión do persoal.
4. Na xestión comercial.

Enfoque metodolóxico

1. Resolver situacións que supoñan un conflito ou dilema moral, nas que se teña que reflexionar, aceptar, valorar, argumentar e actuar mantendo

unha actitude de respecto e tolerancia ante a diversidade social.

2. Redacción de textos autobiográficos que poñan de manifesto algunha vivencia de discriminación social, e posterior reflexión e comentario en grupo.

3. Proferir exercicios de autoestima nos que o suxeito recibe mensaxes positivas respecto á súa persoa.

Proposta de avaliación

1. Observar e valorar o comportamento do alumno/a en situacións de aula.

2. Estudio de dilemas morais e debates nos que se avaliará a consecución dos obxectivos propostos.

3. Valoración das ideas expresadas no desenvolvemento dos exercicios persoais ou de grupo.

En xeral, toda actuación na aula e no Centro deberá estar presidida polos seguintes valores:

1.- O fortalecemento do respecto de los dereitos humanos y das liberdades fundamentais e os valores que preparan ao alumnado para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e democrática.

2.- O coñecemento e o respecto aos valores recollidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía para Galicia

3.- Tratar de favorecer la igualdad real y efectiva entre homes y mulleres, contribuíndo á superación das desigualdades por razón de xénero, cando as houberse, y saber apreciar a aportación das mulleres ao desenvolvemento da nosa sociedade e ao coñecemento acumulado pola humanidade.

4.- A la presencia de contidos e actividades que promovan a práctica real e efectiva da igualdad, a adquisición de hábitos de vida saudable y deportiva e a capacitación para decidir entre as opcións que favorezan un adecuado bienestar físico, mental y social para un y para os demais.

5.- Aspectos de educación vial, de educación para el consumo, de saúde laboral, de respecto á interculturalidade, á diversidade, ao medio ambiente y para la utilización responsable do tempo libre e do ocio.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Neste curso 2021/2022, sempre que a situación sanitaria provocada polo Covid-19, permita a participación de persoal alleo ao centro e/ou a mestura do grupo concreto de alumnos/as con outros grupos, organizarase unha charla sobre cooperativas de traballo asociado, orientada a que o alumnado coñeza as ventaxas da cooperativismo e especialmente das cooperativas xuvenís.

10. Outros apartados

10.1) O plano de empresa

Dadas as características deste módulo e tendo en conta o momento de especial dificultade na situación económica o plano de empresa que ten que elaborar todo o alumnado realizarase en base a unha idea de negocio escollida por eles. Aínda fomentando que creen unha empresa dedicada a actividades do seu sector, non sendo requisito ineludíbel.

10.2) Secuencia alternativa

A orde na que se impartirán as unidades didácticas será:

1. Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor

2. A organización da empresa. A contorna empresarial

3. A análise do mercado e o plano de marketing.
4. O plano de operacións.
5. Formas xurídicas da empresa e a súa constitución
6. O plano de investimentos e financiamento.
7. A análise contábel e viabilidade económica e financeira.
8. Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos
9. A fiscalidade empresarial

10.3) Desenvolvemento da actividade nas posibles situacións derivadas do Covid-19

Derivada da situación provocada pola Covid-19, e co obxecto de cumprir as medidas hixiénico sanitarias establecidas, e/ou o posible xurdimento de gromos na aula, no centro ou que xorda alumnado en situación de corentena, que provoquen a imposibilidade de impartir docencia na modalidade presencial, a todo ou parte do grupo de alumnos, se prevé a posibilidade de retransmitir as clases de maneira telemática, durante o período indicado polas autoridades académicas e/ou sanitarias, de conformidade a Instrución para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022.

Nesas situacións a comunicación co alumnado en situación de corentena levarase a cabo de maneira preferente a través da aula virtual do centro e/ou videoconferencias, e no seu defecto por o correo electrónico.

Se existe alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática por no contar cos medios tecnolóxicos necesarios, o centro e/ou a administración educativa tratará de facilitarlos. No caso excepcional de que isto non fose posible, utilizarase como canle de comunicación alternativa, o teléfono, e establecerase para o caso concreto o procedemento máis adecuado para o seguimento do alumno/a e a entrega e recollida de tarefas, actividades ou a realización de probas escritas/exames. O alumno/a neste caso deberá contar obrigatoriamente co libro de texto recomendado nesta programación.

Na ensinanza telemática os instrumentos de avaliación empregados, os criterios e o procedemento de cualificación serán os mesmos que na actividade presencial: Traballo/s (valor 30%), Exames (valor 70%) - ver o apdo. 5 desta programación.

En ditas situacións, e sempre que a situación sanitaria así o permita, os exames ou probas escritas levaranse a cabo de maneira presencial no centro. En caso de que isto non sexa posible porque así o determinen as autoridades sanitarias e/ou educativas, poderán realizarse de maneira telemática, sempre que se garanta a autoría do exame ou proba escrita. Será necesario para ilo que o alumno conte con conexión a internet, ordenador con webcam, son e micrófono, impresora e escáner. Durante todo o tempo que dure o exame o micrófono e a cámara do ordenador do alumno/a terán que estar conectados e enfocando o alumno/a e o exame. O docente, previa a realización do exame ou proba escrita, poderá establecer calquera outros requisitos que considere necesarios para garantir a autoría da proba escrita ou exame.

10.4) Cuestionario coñecementos previos específicos

Este cuestionario ten como único obxectivo coñecer a cultura xeral do alumnado (coñecementos por medios de comunicación, lecturas propias, derivados da súa experiencia laboral, etcétera) no referente a conceptos relacionados co módulo. Non fará parte da cualificación do módulo.

PREGUNTAS:

1. En que consiste o espírito emprendedor?
2. En que se diferencia unha sociedade anónima dunha sociedade de responsabilidade limitada?
3. Que entendes por marketing-mix?

4. Sabes cal é o ciclo de vida dun produto?
5. Que é un organigrama?
6. É o mesmo un tributo que un imposto? (Tenta razoar a resposta).
7. Que significan as seguintes siglas:
 - IRPF:
 - IVA:
 - IAE:
8. Que indican as expresións:
 - NIF:
 - CIF:
9. Que é unha amortización?
10. Que significan as expresións: activo e pasivo referentes á contabilidade dunha empresa?
11. Que é un portelo único empresarial?
12. Que tipos de sociedades coñeces?

10.5) LIBROS DE TEXTO e WEB para consulta.

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO (OBRIGATORIO NA ENSEÑANZA TELEMÁTICA):

Utilizarase como libro de texto para este módulo:

Empresa e Iniciativa emprendedora. Editorial (TulibrodeFP)

OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial Editex

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial Mcmillan

Empresa e Iniciativa Emprendedora : Editorial EDEBÉ

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial McGraw-Hill